



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

AON
Empower Results*

Allianz

2026

REGULAMENTO PARTICULAR CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE RALLYES RECALVI 2026



22º Rally Sur do Condado Grupo Memorial



INDICE

ARTIGO 1 - PROGRAMA HORARIO.....	3
ARTIGO 2- ORGANIZACIÓN.....	4
Artigo 2.2 - Comité de Organización	5
<i>Dirección da Secretaría do Comité Organizador:</i>	5
Artigo 2.3. Oficiais:.....	5
ARTIGO 3 - PUNTUABILIDADE.....	6
ARTIGO 4 - Descrición.....	7
Artigo 8 - Dereitos de Inscripción - Seguros	7
Artigo 9 - Hora Oficial do Rallye. Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is	8
Artigo 10 – Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ós primeiros de cada Agrupación (Piloto e Copiloto) da seguinte forma: ...	9
Artigo 11 Encargado das relacións cos participantes	10
Artigo 12 Super Rallye.....	10
Artigo 14 Disposicións Contrarias A Normativa Xeral Da F.G.A.:	11
PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS.....	12
ANEXO 1: MAPA PARQUES PECHADO ESTACION DE SERVIZO PARDO CEREMONIA DE SAIDA E CHEGADA	12
1.1. ORGANIZACIÓN	12
1.2. UBICACIÓN E HORARIOS.....	12
1.3. CERIMONIA DE SAÍDA	13
Publicación de autorizados.....	13
Entrega de carnés.....	13
Percorrido da cerimonia.....	13
Desenvolvemento no pódium.....	13
Tras a cerimonia	13
Orde de saída.....	13
Equipamento obrigatorio.....	13
1.4 CERIMONIA DE CHEGADA	13
1.5.NORMAS A CUMPRIR	14
1.6. DISPOSICIÓN FINAIS.....	14
ANEXO 2: MAPA DO PARQUE DE TRABALLO TALLERES MIÑO.....	14
ANEXO 2.1: NORMAS DE CUMPRIMENTO – PARQUE DE ASISTENCIA TALLERES MIÑO	14
Normas de uso do espazo.....	15
Remolques e plataformas	15
Circulación interna	15

Consideracións xerais.....	15
Solicitud final.....	15
ANEXO 3: VERIFICACIONES ADMINISTRATIVAS E TECNICAS.....	16
3.1. LOCALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓNES.....	16
3.2. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.....	16
3.3. CONDICIÓNS PARA AS VERIFICACIÓNES TÉCNICAS.....	16
3.4. USO DA ESTACIÓN DE SERVIZO.....	17
3.5. HORARIOS DAS VERIFICACIÓNES TÉCNICAS.....	17
3.6. DISPOSICIÓNS FINAIS.....	17
ANEXO 4: PLANO PARQUE REAGRUPAMENTO SALCEDA DE CASELAS E MOS.....	18
ANEXO 5: PLANO DIRECCION DE CARREIRA / OFICINA PERMANENTE.....	19
ANEXO 6: PLANOS DE RECOLLIDA E ENTREGA DOCUMENTACION E GPS, RECOÑECEMENTOS.....	19
6.1. NORMAS DE RECOÑECEMENTOS.....	20
Horarios de entrega de documentación e GPS.....	20
Oficiais de recoñecementos.....	20
Horarios de recoñecementos.....	20
Uso e devolución dos GPS.....	20
Normas de comportamento e prohibicións.....	21
ANEXO 7: ITINERARIO - HORARIO.....	22
ANEXO 8: MODELO DE SOLICITUDE PARA SUPER RALLYE.....	23
ANEXO 9: SISTEMA GPS.....	24
ANEXO 10.- CARAVANA DE SEGURIDADE.....	30

ARTIGO 1 - PROGRAMA HORARIO

Programa-Horario			
DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
08/06/2026	10:00	Apertura de inscricións	Escudería Surco Rúa Marques de Viana, 14, 36450 Salvaterra de Miño www.rallysurdocondado.org www.fga.es Sportity, Tel. 602.245.333
29/06/2026	20:00	Peche de inscricións	
02/07/2026	20:00	Publicación de Lista de inscritos	
03/07/2026	20:00	Publicación do Percorrido	
04/07/2026	08:00 a 10:00	Recollida de documentación e GPS de recoñecementos	Café Bar Xirope Rúa Paseo Matutino 13 36860 Ponteareas
	09:00 a 21:00	Recoñecementos	Según programa
05/07/2026	08:00 a 10:00	Recollida de documentación e GPS de recoñecementos	Café Bar Xirope Rúa Paseo Matutino 13 36860 Ponteareas
	09:00 a 21:00	Recoñecementos	Según programa
	22:00	Hora limite de entrega de GPS de recoñecementos	La Parchita R. Pontevedra, 7, 36470 Salceda de Caselas
08/07/2026	08:30 a 09:30	Recollida de documentación e GPS de recoñecementos	Café Bar Xirope Rúa Paseo Matutino 13 36860 Ponteareas
	09:00 a 21:00	Recoñecementos	Según programa
09/07/2026	08:30 a 09:30	Recollida de documentación e GPS de recoñecementos	Café Bar Xirope Rúa Paseo Matutino 13 36860 Ponteareas
	09:00 a 21:00	Recoñecementos	Según programa
	22:00	Hora limite de entrega de GPS de recoñecementos	La Parchita R. Pontevedra, 7, 36470 Salceda de Caselas
08/06/2026 o 30/06/2026	Telemática online	Verificacións administrativas telemáticas online debera estar presentada toda a documentación para admitir a inscrición antes da publicación da lista de inscritos	https://forms.gle/sqYQySzbX5hBjn666
10/07/2026	09:00 a 19:00	Entrada a Parque de Asistencia Talleres Miño	Polígono Industria Plisan
	12:00 a 15:30	Recollida de documentación e dorsais	Estación de Servicio San Pelayo
	12:30 a 18:30	Verificacións Técnicas Nº1 a Nº141 Asignárase en complemento hora de verificación para cada participante	Estación de Servicio San Pelayo Explanada E.S. San Pelayo 42° 5'58.37"N/ 8°31'48.39" O
	16:00	Apertura do parque pechado-Gasolineira Pardo	Praza do Castelo, Salvaterra de Miño
	16:00	Constitución colexio comisarios deportivos	Oficina permanente
	19:00	Firma de autógrafos e rolda de prensa dos equipos seleccionados	Engranaxe lounge bar Rúa Castelao, 27, Salvaterra de Miño
	20:00	Publicación de lista de autorizados a tomar saída cerimonia de saída	Taboleiro de Avisos-Web-sportity
	20:00	hora limite dos vehículos no parque pechado	Praza do Castelo, Salvaterra de Miño
	21:00	Cerimonia de Saída	
	21:30	Chegada do 1º Participante no parque de traballo-Talleres Miño	Polígono Industrial Plisan
23:45	Autorizados a Tomar a Saída 1ª etapa	Taboleiro de Avisos-Web-sportity	
11/07/2026	7:00	Saída do 1º participante, a 1ª etapa, 1ª Sección	Polígono Industria Plisan
	21:29	Chegada do 1º participante-Fin de Rally	Praza do Castelo, Salvaterra de Miño
	21:45	Rolda de prensa dos tres primeiros clasificados	Praza do Castelo, Salvaterra de Miño
	22:30	Verificacións finais de oficio	Talleres Mingos, Salvaterra de Miño
	23:30	Cerimonia de Entrega de trofeos	Praza do Castelo, Salvaterra de Miño
12/07/2026	23:30	Publicación da clasificación final Provisional	Taboleiro de Avisos-Web-sportity
	0:00	Publicación da Clasificación Final Oficial	Taboleiro de Avisos-Web-sportity

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais):
Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios.

Hora límite de entrada a Parque de Asistencia: **Horas: 18:30 do día 10/07/2026**

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 25 de maio ás 10:00 horas, ata o día 10 de xullo ás 10:00 horas estará situado na Escudería Surco, sita en:

Rúa: Marques de Viana Nº14

C.P.: 36450 Municipio: Salvaterra de Miño Provincia: Pontevedra

Teléfonos de información xeral da Proba: 663.997.585, 625.655.113

Telefono de inscricións: 602.245.333

Web: <https://www.rallyesurdocondado.org/> e-mail: escuderiasurco@hotmail.com

e-mail inscricións: inscricionsrallysurco@gmail.com

Segundo o disposto no art. 11.9.4 do CDI, o Taboleiro de Anuncios Oficial será el taboleiro de anuncios dixital publicado na páxina web: www.rallyesurdocondado.org /tablón

Tamén haberá comunicación coa aplicación "Sportity" pero non haberá Taboleiro oficial de avisos físico. Para acceder a toda a información do taboleiro de anuncios dixital do rallye deberase ingresar o contrasinal:



A aplicación "Sportity" pódese descargar de Google Play ou App Store nas seguintes ligazóns:

App Store: <https://apps.apple.com/ee/app/sportity/id1344934434>

Google Play: <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.sportity.app>

Dende o día 10 de xullo ás 10:00 horas, ata as 00:00 horas do día 12 de xullo, na Oficina Permanente do Rallye, sita en A Casa do Conde en Praza do Castelo, nº5, 36450, Salvaterra de Miño.

Todos eles poderán ser substituídos e eliminados, polo Taboleiro Oficial de Avisos Dixital da App Sportity

ARTIGO 2- ORGANIZACIÓN

A **ESCUDEIRA SURCO** organiza o **22º RALLYE SUR DO CONDADO GRUPO MEMORIAL**, que se desenvolverá dende o día **10** ó día **12** de Xullo do ano **2026**.

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2026, o Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes, o presente Regulamento Particular da proba, o C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 26 de maio de 2026.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA -030- RA.**

Artigo 2.2 - Comité de Organización

PRESIDENTE D. Bruno T. Rivera Pazos

VOCAIS
D. Álvaro Fernández González
D. Cándido Carrera Estévez
D. Manuel Carballo Logo
D. Jorge Roberto Otero Coutinho
D. Óscar Pérez Montes
D. Alejandro Groba Fernández
Dna. Ároa Fernández Espiñeira
Dna. Lorena González Outerelo
D. Roberto González Gil
D. Miguel Nogueira Cuevas
D. Marcos Fontán Ojea

SECRETARIO D. Rodrigo Tielas Riveiro

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERÍA

Rúa: Marques de Viana Nº14

C.P.: 36450 Municipio: Salvaterra de Miño Provincia: Pontevedra

Teléfonos de información xeral da Proba: 663.997.585, 625.655.113

Telefono de inscricións: 602.245.333

Web: www.escuderiasurco.org e-mail: escuderiasurco@hotmail.com

e-mail inscricións: inscricionsrallysurco@gmail.com

Artigo 2.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Bruno T. Rivera Pazos DC-00199-ESP/GA.

Director da Carreira-Oficina:

D. Ignacio J. Davila Estévez DC-00232-ESP/GA.

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

Vocal: D. Nicolas Álvarez Lorenzo CT-05052-ESP/GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Cándido Carrera Estévez DC-05049-ESP/GA.

COMISARIO/CONTROLADOR:



FEDERACIÓN GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

Xacobeo 2027



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Vermello D. Álvaro Fernández González DC-05050-ESP/GA.

Vehículo "00" (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):

Vermello D. Manuel Carballo Logo DC-05051-ESP/GA.

Servizo Informático e publicación de tempos: Anube

Servizo de Ambulancias: Ambulancias Bande

Servizos Médicos: E.M.S. Galicia / Ambusertrans

Centros Asistenciais: Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital Meixoeiro, Hospital Concheiro, SOS Galicia, e os designados por concerto pola CIA aseguradora.

Servizo de Guindastres: Grúas Auxilio Carretera Gómez

Nota: En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos sete días antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.

O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, agás o piloto do Vehículo "0" que deberá ter licenza de piloto, expedidas pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

ARTIGO 3 - PUNTUABILIDADE

O **22º RALLY SUR DO CONDADO GRUPO MEMORIAL** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

1. Campionato de Galicia de Rallys sobre asfalto (pilotos e copilotos).
2. Campionato de Galicia de Rallys para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante colectiva única expedida pola F.G.A.).
3. Copa de Galicia de Rallys para a Agrupación 1.
4. Copa de Galicia de Rallys para a Agrupación 2.
5. Copa de Galicia de Rallys para a Agrupación 3.
6. Copa de Galicia de Rallys para a Agrupación 4.
7. Copa de Galicia de Rallys para a Agrupación 5.
8. Copa de Galicia de Rallys para a Agrupación 6.
9. Copa de Galicia de Rallys para a Agrupación 7.
10. 7º SUPERCAMPIONATO PIRELLI RECALVI
11. 17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA B e B "PLUS"
12. 17º COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA C
13. 17ª COPA TOP TEN PIRELLI-DRIVER-AUTIA "CLASSIC"
14. 17ª COPA PIRELLI AMF MOTORSPORT
15. 1ª COPA AMF ORIXE
16. 4º CLIO TROPHY GALICIA
17. 21º VOLANTE F.G.A.-SANDERO ECO CUP GALICIA.
18. 4º CRITERIUM GALICIA 2026/BECA 24
19. 3º TROFEO ABRIL PUBLICIDAD
20. 4º TROFEO HERMANOS LORENZO-FORD PILOTOS DA ESCUDERIA SURDO

ARTIGO 4 - Descrición

O **22º RALLY SUR DO CONDADO GRUPO MEMORIAL**, consta dun percorrido total de **432.37 quilómetros**, dos cales **103.06 quilómetros** corresponden a **12** Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **2 Etapas** e **4 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos.

O Rallye terá **4** Parques de Traballo, ademais do Parque de Traballo da noite do venres ó sábado.

Artigo 5 - Vehículos Admitidos. Publicados no Regulamento Xeral do CGR.

Artigo 6 - Concursantes Admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 7 - Solicitud de Inscripción - Inscripcións

7.1.- Todo equipo que desexe participar no **22º RALLY SUR DO CONDADO GRUPO MEMORIAL**, terá que cumprimentar telemáticamente na zona privada da plataforma PODIUM o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refusa a mesma.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as do día 15:00 de 2 de Xullo de 2026.

7.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de 140 vehículos.

7.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos a través da plataforma PODIUM no momento da inscrición, e **NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS.**

7.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

7.5.- A orde de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 7

Artigo 8 - Dereitos de Inscripción - Seguros

8.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

8.1.1.- 364€ aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.1.2.- 694€ NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscripción.

8.3.- Os Dereitos de Inscripción comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

8.4.- Os Dereitos de Inscripción tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

Artigo 9 - Hora Oficial do Rallye. Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

Artigo 10 – Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ós primeiros de cada Agrupación (Piloto e Copiloto) da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	1.500,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	1.100,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
3º	825,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	625,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	375,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
6º	325,00 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

AGRUPACIÓNS (1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)	
1º	240,00 € e Trofeo
2º	120,00 €
3º	90,00 €

TOTAL PREMIOS
7.900,00 €

COPAS DE PROMOCIÓN	
1º	2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

COPAS DE PROMOCIÓN: A FGA enviará os trofeos ó organizador para entregar ó 1º clasificado (piloto e copiloto) de cada copa de promoción.

Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.

Artigo 11 Encargado das relacións cos participantes



Dña Raquel Rodríguez López

TELÉFONO: 602 24 53 33

Identificados cun peto verde, co texto

"Relacións cos Participantes"

10/07/2026 Verificación Técnicas.	14:00 a 18:30
10/07/2026 Parque Pechado.	20:30 a 22:30
10/07/2026 Oficina Permanente	22:00 a 23:50
11/07/2026 Parque de asistencia	07:30 a 09:15
11/07/2026 Parque de Reagrupamento.	09:40 a 12:30
11/07/2026 Parque de Reagrupamento.	12:55 a 14:50
11/07/2026 Parque Asistencia.	15:00 a 16:30
11/07/2026 Parque de Reagrupamento.	17:15 a 19:00
11/07/2026 Parque Pechado.	20:30 a 22:45
11/07/2026 Oficina Permanente.	22:45 a 00:00

Artigo 12 Super Rallye

Según artigo 15 do Regulamento de Rallyes. O anexo VIII contén o modelo de solicitude

Artigo 13 Publicidade

2026 **Rias Motor**

AUGUSTO **ensa** **RODAUTO**

Abta **RENAULT**

PLACA DO RALLY EN CAPÓ

PUBLICIDADE ORGANIZADOR

PUBLICIDADE TROFEOS

OBRIGATORIO COLOCAR DORSAL FLUOR NA ESQUINA SUPERIOR DEREITA DA LUNA TRASEIRA

Artigo 14 Disposicións Contrarias A Normativa Xeral Da F.G.A.:

Según artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constas no regulamento particular a excepcións aprobadas pola F.G.A.

Don Bruno Trajano Rivera Pazos, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Director da Carreira
D. Ignacio Davila Estévez
D.N.I. 36126937-D
Lic. DC-00232-ESP/GA

Xefe de Seguridade vial
Cándido Carrera Estévez
D.N.I. 35585489-J
Lic. DC-05049-ESP/GA

Escudería Surco
C.I.F. 36395788
Presidente D. Bruno T. Rivera Pazos

Selo do Clube



PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

Reunion	data	hora	lugar
1ª	10/07/2026	16:00	Oficina permanente Praza do Castelo Nº5 36450 Salvaterra
2ª	10/07/2026	23:30	
3ª	11/07/2026	10:00	
4ª	11/07/2026	21:30	

ANEXO 1: MAPA PARQUES PECHADO ESTACION DE SERVIZO PARDO CEREMONIA DE SAIDA E CHEGADA

1.1. ORGANIZACIÓN

A Escudería Surco organiza a cerimonia oficial de saída e chegada do **22º Rallye Sur do Condado Grupo Memorial**, co obxectivo de dar inicio e clausura oficial á proba, garantindo o correcto



desenvolvemento protocolario e deportivo do evento.

1.2. UBICACIÓN E HORARIOS

As cerimonias desenvolveranse segundo o seguinte:

- **Lugar:** Praza do Castelo de Salvaterra de Miño
- **Cerimonia de saída:**
 - Data: 10 de xullo de 2026
 - Hora: 21:00 h
- **Cerimonia de chegada:**
 - Data: 11 de xullo de 2026
 - Hora: 21:30 h

1.3. CERIMONIA DE SAÍDA

Publicación de autorizados

- A lista de equipos autorizados a tomar a saída publicarase ás **20:00 h** do día 10 de xullo de 2026.

Entrega de carnés

- Os equipos recibirán un **carné de control** coa súa hora de saída do parque pechado.
- A entrega realizarase **15 minutos antes da súa hora asignada**.
- Establécese como hora límite de entrada ao parque de pechado as **20:00 h do día 10 de xullo de 2026**.

Percorrido da cerimonia

- O percorrido estará incluído no **Libro de Ruta**.
- Contará con **dous controis horarios (CH)**.
- Nestes controis:
 - Só será necesario **selar o carné**.
 - Non haberá tempo imposto para o percorrido.
- Estes controis servirán como **xustificación de cumprimento do itinerario**.

Desenvolvemento no pódium

- Ao acceder á rampla de saída:
 - Realizarase unha **breve entrevista aos equipos**.
 - Procederase á **toma de fotografías oficiais**.
 - As autoridades presentes darán o **bandeirazo de saída**.

Tras a cerimonia

- Os equipos deberán dirixirse ao **parque de asistencia**, seguindo obrigatoriamente o itinerario marcado.
- No control de entrada:
 - Entregarán o carné.
- Os vehículos permanecerán no parque ata o día seguinte.
- O parque estará **vixiado durante toda a noite** por seguridade privada.

Orde de saída

- O paso polo pódium realizarase por **orde numérica ascendente**:
 - Do dorsal **1 ao 140**.

Equipamento obrigatorio

- Todos os participantes deberán levar:
 - **Mono ignífugo regulamentario**.

1.4 CERIMONIA DE CHEGADA

- A cerimonia de chegada celebrarase ao remate da proba.
- Os equipos accederán ao pódium seguindo as indicacións da organización.

- Realizarase:
 - Recepción oficial dos equipos
 - Entrevistas
 - Actos protocolarios finais

1.5. NORMAS A CUMPRIR

Durante a cerimonia de saída, todos os equipos deberán cumprir o establecido no Regulamento Xeral de Rallyes, especialmente:

- Artigo 9 – Normas a cumprir polos equipos**
 - 9.8:** A cerimonia de saída é **obrigatoria para o piloto inscrito** na proba.

1.6. DISPOSICIÓN FINAIS

- O incumprimento das normas poderá derivar en sancións segundo o Regulamento Xeral.
- A organización resérvase o dereito de modificar calquera aspecto por causas xustificadas, informando debidamente aos participantes.

ANEXO 2: MAPA DO PARQUE DE TRABALLO TALLERES MIÑO



ANEXO 2.1: NORMAS DE CUMPRIMENTO – PARQUE DE ASISTENCIA TALLERES MIÑO

22º Rally Sur do Condado Grupo Memorial

Por motivos estritamente organizativos e co obxectivo de garantir o correcto desenvolvemento da proba, establécense as seguintes normas de obrigado cumprimento para todos os equipos participantes:

Organización e asignación de espazos

- O espazo destinado ás asistencias estará limitado e será delimitado pola organización mediante comunicado oficial días antes da proba.
- Cada participante poderá dispoñer **dun único vehículo de asistencia**, que deberá estar **claramente identificado** tanto no momento da asignación como durante todo o evento.

- Será obrigatorio cubrir o formulario de solicitude de espazo:
<https://forms.gle/sqYQySzbX5hBjn666>
 - **Data límite:** 3 de xullo de 2026 ás 15:00 horas.
- A asignación de espazos comunicarase o día **8 de xullo de 2026**.
- A entrada ao parque de asistencia realizarase o día **10 de xullo de 2026 ás 11:00 horas**.

Normas de uso do espazo

- Queda **terminantemente prohibido** marcar, reservar ou ocupar espazos antes da data oficial establecida pola organización.
- Non se permitirá:
 - Aparafusar
 - Ancorar
 - Cravar
 - Alterar de calquera maneira as beirarrúas ou infraestruturas do recintoEstas accións serán sancionadas ao equipo responsable.

Remolques e plataformas

- As plataformas e remolques (agás remolques taller dos vehículos de competición) deberán permanecer **fóra do parque de asistencia** durante os días:
 - 10 de xullo
 - 11 de xullo
- Para este fin habilitarase un recinto específico.

Circulación interna

- Non se permite o libre tránsito dos vehículos de asistencia durante o desenvolvemento da proba.
- Esta medida débese á existencia de zonas de dobre circulación dos participantes dentro do parque.

Consideracións xerais

- Estas normas responden exclusivamente á limitación de espazo dispoñible e ao aumento progresivo do tamaño e volume das asistencias.
- O obxectivo é garantir unha organización eficiente e segura para todos os equipos.

Solicitude final

Solicítase a colaboración e o cumprimento destas normas por parte de todos os participantes, co fin de asegurar o bo desenvolvemento do evento.



ANEXO 3: VERIFICACIONES ADMINISTRATIVAS E TECNICAS

22º Rally Sur do Condado Grupo Memorial

3.1. LOCALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓN S

As verificación s realizaranse nas seguintes localización s:

- **Verificación s administrativas e técnicas:**
 - Estación de Servizo Cepsa San Pelayo
 - PO-510, KM 10, 36450 Salvaterra de Miño (Pontevedra)
- **Zona de verificación s técnicas:**
 - Explanada del Area de Servicio San Pelayo (Cepsa mesma ubicación)



3.2. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

3.2.1. Todos os equipos participantes deberán respectar o plano de circulación publicado pola organización co fin de garantir un correcto funcionamento das verificación s.

3.2.2. Os vehículos que **non sexan descargados no parque de asistencia** deberán:

- Descargar na zona de espera habilitada.
- Permanecer nela ata recibir indicación dun comisario autorizado.
- Non acceder ás verificación s técnicas sen autorización previa.

3.3. CONDICIÓN S PARA AS VERIFICACIÓN S TÉCNICAS

3.3.1. Antes de acceder á zona de verificación s técnicas, os vehículos deberán cumprir obrigatoriamente:

- Levar colocados os **números de participante**.
- Portar correctamente as **publicidades obrigatorias da proba**

- Os vehículos deberán presentarse sen pegatinas nas llantas correspondentes a marcaxes de pneumáticos de probas anteriores.
- Tódolos vehículos que contén con homologación vixente, así como aqueles que a tiveran no pasado (aínda que estea caducada), deberán presentar obrigatoriamente a súa ficha de homologación no momento das verificacións técnicas.
- Tódolos os participantes Piloto e Copiloto deberán ter enviado a declaración dixital da roupa antes das verificacións Técnicas

3.3.2. Non se permitirá o acceso ás verificacións técnicas a vehículos que non cumpran estas condicións.

3.4. USO DA ESTACIÓN DE SERVIZO

3.4.1. Recoméndase aos equipos:

- Utilizar a estación de servizo **exclusivamente para:**
 - Repostar combustible.
 - Limpeza de vehículos.

3.4.2. Queda prohibido:

- Descargar vehículos na zona da gasoleira.
- Obstaculizar o funcionamento habitual do establecemento.

3.4.3. Para descarga de vehículos deberá utilizarse **unicamente a zona de espera das verificacións.**

3.5. HORARIOS DAS VERIFICACIÓNS TÉCNICAS

3.5.1. Os horarios oficiais serán publicados mediante complemento pola organización.

3.5.2. Normas de cumprimento horario:

- Cada equipo deberá presentarse **na súa hora asignada.**
- A orde de verificación será:
 - **Correlativa**
 - **Ascendente segundo número de participante**

3.5.3. Incumprimentos:

- Os equipos que se presenten **antes da súa hora** deberán esperar a súa quenda.
- Os equipos que cheguen **fóra da súa hora asignada** serán verificados **ao final da xornada.**

3.6. DISPOSICIÓNS FINAIS

3.6.1. O incumprimento destas normas poderá implicar retrasos na verificación ou outras medidas que determine a organización.

3.6.2. Todos os participantes deberán seguir en todo momento as indicacións dos comisarios e persoal autorizado.

ANEXO 4: PLANO PARQUE REAGRUPAMENTO SALCEDA DE CASELAS E MOS



Plano 1 Parque de reagrupamento 1 e 2 de Salceda de Caselas



Plano 1 Parque de reagrupamento 3 Mos

ANEXO 5: PLANO DIRECCION DE CARREIRA / OFICINA PERMANENTE



ANEXO 6: PLANOS DE RECOLLIDA E ENTREGA DOCUMENTACION E GPS, RECOÑECIMENTOS



Plano 1 Recollida de documentación e GPS Recoñecementos



Plano 2 Devolución de GPS Fin de Xornada Recoñecementos

6.1. NORMAS DE RECOÑECIMENTOS

22º Rally Sur do Condado Grupo Memorial

Horarios de entrega de documentación e GPS

- A entrega de documentación e dispositivos GPS realizarase entre as **08:00 e as 10:00 horas**.
- Todo equipo que chegue despois das **10:00 horas** deberá poñerse en contacto telefónico cos números indicados no Regulamento Particular.

Oficiais de recoñecementos

- A relación de oficiais de recoñecementos será publicada mediante complemento ao Regulamento Particular.

Horarios de recoñecementos

- Os recoñecementos comezarán ás **09:00 horas**, tanto:
 - sábado e domingo
 - mércores e xoves
- Está **terminantemente prohibido comezar antes desa hora**, baixo pena de penalización.
- Os recoñecementos rematarán ás **21:00 horas**.
- Queda prohibido recoñecer despois desa hora, salvo para os equipos que xa se atopen dentro do treito.

Uso e devolución dos GPS

- Os equipos que escollan:
 - **Sábado/Domingo** → poderán devolver os GPS ata o **domingo ás 22:00 horas**
 - **Mércores/Xoves** → poderán devolver os GPS ata o **xoves ás 22:00 horas**
- Os equipos que só recoñezan **un día** deberán entregar o GPS ao remate da súa xornada.

Normas de comportamento e prohibicións

Queda **prohibido**, baixo pena de penalización segundo o Anexo 2 do Regulamento de Rally:

- Recoñecer en datas diferentes ás establecidas
- Superar os límites de velocidade
- Incumprir as normas de circulación
- Circular en sentido contrario ao indicado no roadbook
- Realizar recoñecementos con persoas non autorizadas (incluíndo terceiros ocupantes)
- Utilizar un vehículo distinto ao comunicado ao comité organizador
- Non colocar correctamente os números de recoñecementos
- Non acreditar a identidade cando sexa requirido pola organización
- Recoñecer os treitos **sen o dispositivo GPS obrigatorio**



ANEXO 8: MODELO DE SOLICITUDE PARA SUPER RALLYE

MODELO DE SOLICITUDE PARA SUPER RALLYE

AATT.: Dirección de Carreira e dos Sres. Comisarios Deportivos da proba _____

O **Concursante (Escudería)** _____ con número de licenza _____, representando ó piloto _____ (Teléfono: _____) con licenza _____ participante na citada proba, co dorsal número _____.

EXPÓN:

SOLICITA

RECIBIDO AS:

RRPP.:

Nº de Licenza:

En _____, a _____ de _____ de _____

ANEXO 9: SISTEMA GPS

1. Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallyes.

- a)** A compra e instalación do soporte do GPS é obrigatoria (25 euros, IVA INCLUIDO).
- b)** No Campionato de Galicia de Rallyes no desenvolvemento das probas, os vehículos de competición levarán obrigatoriamente instalado un sistema GPS. Será obrigatoria a utilización durante os recoñecementos programados polo organizador. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición e servirá para alertar á Organización dos equipos de posibles incidencias ou bandeiras vermellas. Tamén servirá para que os equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.
- c)** O GPS deberá ir montado no vehículo nun lugar accesible e visible para poder visualizar as notificacións, onde lle chegue o Piloto e o Copiloto por criterios de Seguridade.
- d)** O CC.DD poderá facer uso dos datos do GPS para contrastar e poder aplicar sancións ou asignar tempos en caso de forza maior.

2. Funcionamento:

- a)** O sistema deberá ter botón SOS que se deberá usar ÚNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.
- b)** Deberase manter pulsado segundo se indica nas instrucións, no momento que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- c)** Cando o Director da Proba, ó seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle a outros equipos.
- d)** O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente ós Comisarios Deportivos.
- e)** A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.

3. Bandeira vermella electrónica:

- a)** Nas probas puntuables para o Campionato de Galicia de Rallyes, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados para o sistema de bandeira vermella electrónica.
- b)** A pantalla que indique a os membros do equipo que se activou a bandeira vermella electrónica, deberá ser de leds de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira vermella electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira vermella electrónica, xunto cas instrucións do dispositivo.
- c)** Só se pode activar/desactivar a bandeira vermella electrónica dende Dirección da Proba.
- d)** Unha vez sexa mostrada a bandeira vermella electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que, dá conformidade á Dirección da Proba, de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira vermella electrónica. Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira vermella, será motivo de penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.
- e)** Mostrada a bandeira vermella electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo: Os Equipos a os que se mostre bandeira vermella Electrónica, deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A velocidade máxima que poderá alcanzar un equipo ó que se lle mostrou bandeira vermella dentro do treito cronometrado, non poderá exceder de 80 km/ h. O Director da Proba, poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa. Non respectar esta regra comportará unha penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.

4. Entrega devolución do aparello GPS:

- a)** A entrega do dispositivo GPS realizarase nas verificacións técnicas.
- b)** A devolución do dispositivo GPS realizarase no Parque Pechado ou Dirección de Carreira ó finalizar a proba, ou a un membro da organización designado a tal efecto.
- c)** En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo é o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección da Proba) ou no lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba. Deberase entregar a maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.

d) Durante a proba, calquera incidencia do GPS para cambiálo se falará co Relacións cos participantes para poder cambiálo.

e) O concursante que non devolva o dispositivo GPS, ou que devolvelo o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa económica. Este será o sistema de Alertas en caso dunha incidencia.

SPICA III

Manual de uso rápido



● NOTIFICACIÓN DE SOS

Para solicitude de atención médica inmediata ou notificación de vehículo que impide totalmente o paso de outros participantes.

+ Pulsar botón vermello e verde simultaneamente durante 2 segundos.



● NOTIFICACIÓN DE AVARÍA

Notificación de que un vehículo non pode continuar, pero non obstaculiza o paso.
Pulsación botón vermello 2 segundos.



● CONFIRMACIÓN TODO OK?

Si desde dirección da carreira se solicita información do estado dos participantes. 3 posibles respostas:

- Para indicar que está todo ben
- + Para indicar S.O.S.
- Para indicar AVARÍA

alternando con pantalla completa en rojo.



● BANDEIRA VERMELLA / RED FLAG

A pantalla mostra as letras "RF" (Red Flag), alternando coa pantalla completamente en vermello.

O participante debera pulsar o botón Verde para confirmala lectura.

anube.es

SPICA IV

Powered by **anubespport**



+

2 se



2 se



SOS avería OK



Para indicar que todo está bien




Para indicar **SOS**




Para indicar avería

BANDERA ROJA



La pantalla muestra el mensaje 'BANDERA ROJA' y la hilera de luces LED parpadea en rojo. El altavoz emite un fuerte pitido intermitente.

ZONA DE VELOCIDAD



MENSAJES Y PREGUNTAS



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente

ANEXO 10.- CARAVANA DE SEGURIDADE

COMPOSICIÓN DA CARAVANA DE SEGURIDADE



<p>CINTAS</p> <p>70'</p> 	<p>Vehículo Cintas</p> <p>Disporáse dun vehículo que poderá traballar no treito ata última hora. Recómendáse ó organizador que este vehículo sexa un furgón ou furgoneta. Realizará a revisión da montaxe das zonas especiais de seguridade e os peches de camiños correspondente, corrixindo a pedimento do Responsable de Seguridade tódalas deficiencias atopadas.</p>
<p>XEFE SEGURIDADE DE TREITO</p> <p>60'</p> 	<p>Vehículo Xefe de Seguridade de Treito</p> <p>A misión do vehículo "Xefe Seguridade Treito" será a de controlar a correcta montaxe dos peches de camiños e/ou estradas previstos no Plan de Seguridade. Tras el circulará o denominado Vehículo "MONTAXES", o cal dará instrución para reparar ou mellorar aqueles puntos que considere necesarios.</p>
<p>MONTAXES</p> <p>55'</p> 	<p>Vehículo Montaxes</p> <p>Acompaña ó Xefe de Seguridade de Treito axudándolle a solucionar as deficiencias detectadas por este que non requiran a intervención do vehículo "CINTAS". Prestan especial atención ós peches de camiños e seguridade do público, facendo unha primeira intervención e reportando ós vehículos seguintes os puntos onde deberán prestar especial atención.</p>
<p>MEGAFONÍA</p> <p>45'</p> 	<p>Vehículo Megafonía</p> <p>A súa misión básica é informar ó público de que a estrada está pechada ó tráfico, recomendando as mellores zonas para situarse e irá dando consellos de seguridade. Do mesmo xeito irá comprobando o Plan de Seguridade e corrixindo algunha deficiencia que os anteriores vehículos non puidesen subsanar.</p>
<p>GARDA CIVIL DE TRÁFICO</p> <p>40'</p> 	<p>Garda Civil de Tráfico</p> <p>Verificará a correcta montaxe dos peches de carretera, como as dotacións de forzas de orde público nas zonas previstas no Plan de Seguridade. Pese a non tratarse dun coche da caravana de seguridade, axústase ó horario establecido.</p>
<p>XEFE DE SEGURIDADE VIAL</p> <p>35'</p> 	<p>Xefe de Seguridade Vial</p> <p>Verificará todo o percorrido da proba, Treitos cronometrados, enlaces e parques. Comprobará a correcta ubicación do público, corrixindo e prestando atención as derradeiras deficiencias que os vehículos anteriores houberen observado. Será unha persoa de confianza da organización, con ampla experiencia e criterio en materia de seguridade xa que terá plena potestade para aconsellar e decidir a suspensión dun treito cronometrado.</p>
<p>DELEGADO SEGURIDADE OBSERVADOR DA F.G.A.</p> <p>30'</p> 	<p>Delegado de Seguridade da F.G.A.</p> <p>Revisará a correcta montaxe do Plan de Seguridade e irá velando pola correcta ubicación do público nas zonas habilitadas. Correxirá a ubicación do público mal situado, informando ós vehículos que o suceden para que comproben a correcta reubicación do público. Terá plena potestade para retrasar o inicio dun treito e poderá recomendar a Dirección de Carreira a súa anulación se considera que este non cumpre a suficiente seguridade (Dita decisión quedará sempre en mans do Director Adxunto na estrada, Vehículo "0" e Director de Carreira na oficina).</p>
<p>DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA "00"</p> <p>20'</p> 	<p>Director Adxunto na estrada "00"</p> <p>Persoa moi integrada na organización, con ampla experiencia e capacidade para aconsellar a cancelación dun treito. Verifica en especial a situación e seguridade dos espectadores, corrixindo as últimas deficiencias a instancias do Delegado de Seguridade. O seu horario estará calculado para que poida finalizar o treito antes da saída do primeiro participante, por se o Delegado de Seguridade decidira que fose el quen dese o OK para o comezo do treito cronometrado.</p>
<p>VEHÍCULO "0"</p> <p>10'</p> 	<p>Vehículo "0"</p> <p>Avisa ós espectadores da inminente saída do primeiro participante. Será un vehículo rápido conducido por un piloto experimentado e coñecemento en materia de seguridade. Contralaráse o seu paso por tódolos C.H. do treito cronometrado a Dirección de Carreira autorizando o inicio do mesmo.</p>
<p>VEHÍCULOS DE COMPETICIÓN</p> <p>0'</p> 	<p>Vehículos de competición</p>
<p>VEHÍCULO ESCOBA</p> 	<p>Vehículo Escoba</p> <p>Ninguén se poderá mover polo treito antes do paso de este vehículo. O seu paso produciráse despois da saída do derradeiro participante. Irá recollendo as tiras de tempos e planillas dos distintos controis horarios, os carnés de control dos distintos vehículos que abandonasen a proba e informando a Dirección de Carreira de se estes últimos entorpecen o treito ou precisasen de grúa para despegar a estrada para dar comezo a seguinte pasada do treito.</p>